

A palabra de hoxe é

Waterpolo

WATERPOLO

O waterpolo é un deporte practicado nunha piscina entre dous equipos de sete xogadores cada un, que consiste en introducir o balón coa man na portería contraria mentres se nada.



A palabra de hoxe é

Selección

SELECCIÓN

Unha selección é un equipo que se forma con atletas ou xogadores de distintos clubs para disputar un encontro ou participar nunha competición, principalmente de carácter internacional.



Selección Española de fútbol. Xogos de Tokio 2020

A palabra de hoxe é

Remo

REMO

O remo é un pau longo cun extremo en forma de pa, que se emprega para desprazar unha embarcación facendo forza na auga. Tamén se lle chama así ao deporte que consiste en percorrer unha determinada distancia sobre a auga nunha embarcación impulsada por medio de remos.



A palabra de hoxe é

Quenda

QUENDA

A quenda é o tempo en que lle corresponde a unha persoa ou grupo de persoas realizar unha actividade segundo unha repartición previa.



Xogos olímpicos de Río. Quenda para Carolina Marín.

A palabra de hoxe é

Mancarse

MANCARSE

**A palabra
mancarse
significa
sufrir un
dano físico,
lesionarse.**

